

Capítulo:	
Epígrafe:	

SUMARIO:

Orde do __ de __maio de 2009, pola que se acorda a modificación da Orde do 17 de abril de 2009 pola que se convocan as axudas para a execución dos plans estratéxicos zonais aprobados pola consellería de pesca e asuntos marítimos aos grupos de acción costeira

A seguinte modificación ten como fundamento a adaptación da dotación orzamentaria establecida no artigo 9, como consecuencia da incorporación do remanente de crédito dos anteriores períodos de execución do Fondo Europeo de Pesca 2007-2013, concretamente incorporase o crédito dos exercicios 2007 e 2008, polo que procede modificar o artigo 9, incrementando a contía establecida.

Por outra banda, compre ampliar o prazo de selección de proxectos de que dispoñen os grupos de acción de costeira establecido no artigo 13 da orde.

En última instancia procedese tamén a modificar aqueles erros ou omisións na redacción dalgúns preceptos da orde do 17 abril 2009, co obxecto de clarificar máis a redacción da mesma.

Por todo o antedito, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación da orde do 17 abril de 2009, pola que se convocan as axudas para a execución dos plans estratéxicos zonais aprobados pola consellería de pesca e asuntos marítimos aos grupos de acción costeira.

Un. O artigo 1º queda redactado como segue:

- “1. O obxecto da presente orde é establecer as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a subvencionar os proxectos presentados ao abeiro de cada un dos Plans Estratéxicos Zonais (en adiante PEZ) aprobados por resolución da Consellería do Mar segundo establece a Orde do 17 de xullo de 2008, da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos pola que se convoca concurso de selección de Grupos de Acción Costeira.
2. Todos os proxectos presentados deberán enmarcarse nos respectivos Plans Estratéxicos Zonais aprobados ao abeiro da Orde do 17 de xullo de 2008.
3. Proceder á convocatoria para o ano 2009.”

Dous. O punto 6 do artigo 9º queda redactado como segue:

- “6. Para o ano 2009, as axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 14.01.723B.770.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2009, sendo o crédito definitivo para este período de 9.196.831,75 euros”

Tres. O artigo 10. Prazo de presentación de solicitudes, queda redactado como segue:

- “O prazo de presentación das solicitudes iniciárase o 1 de xaneiro e finalizará o 15 de marzo, de cada ano natural.

Non obstante para o ano 2009 o prazo será de dous meses a contar desde o día seguinte ao de publicación desta Orde.

O computo dos prazos realizarase conforme ao sinalado no artigo 48 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común”

Catro. O punto 1 do artigo 11º queda redactado como segue:

“ 1. As solicitudes presentaranse, **preferentemente**, na oficina de Rexistro Único e Información da Xunta de Galicia; San Caetano s/n, Santiago de Compostela, **ou nos demais lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico Das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común**, e formalizaranse nos impresos oficiais que se inclúen como Anexo I nesta Orde.”

Cinco. O punto 3 do artigo 11º queda redactado como segue:

“3. Se a solicitude non reúne todos os requisitos da convocatoria, o GAC requirirá ao interesado, mediante burofax ou medio que permita acreditar a recepción do requirimento, para que, nun prazo máximo e improrrogable de dez días dende a recepción do mesmo, emende as deficiencias. O interesado presentará a antedita emenda no lugar sinalado no punto 1 do presente artigo. No requirimento farase indicación expresa de que, se non o fixese, se terá por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.”

Seis. O punto 1 do artigo 13º queda redactado como segue:

“1. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes do artigo 10, os proxectos serán avaliados polas entidades colaboradoras nun prazo máximo de 30 días hábiles desde a recepción por estas das solicitudes remitidas pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia, quen deberá remitilas aos grupos de acción costeira no prazo máximo de 15 días hábiles desde a recepción das mesmas.”

Sete. A letra b) do punto 3 do artigo 13º queda redactada como segue:

“b) Emitir un informe de subvencionabilidade do gasto conforme aos artigos 5 e 6 desta Orde. Se o proxecto non cumpre os criterios de subvencionabilidade non poderá ser seleccionado.”

Oito. O punto 2 do artigo 14º queda redactado como segue:

“ 2. O prazo máximo para a resolución do procedemento será de 6 meses, que se computarán conforme o sinalado no artigo 48 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común a partir do día da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Nos vindeiros anos, este prazo será computado desde o inicio do prazo de presentación de solicitudes establecido no artigo 10.1 desta orde.”

Nove. Suprímese a disposición adicional terceira.

Dez. Incorpóranse dous novos anexos, titulados Anexo IV “Plan de empresa” e Anexo V “Plan de xestión”

ANEXO IV – PLAN EMPRESA

1. Proxecto empresarial e presentación dos emprendedores

- 1.1. Definición das características xerais do proxecto
- 1.2. Presentación dos emprendedores: Formación, experiencia empresarial, grao de vinculación co proxecto
- 1.3. Entorno no que se realizará a actividade da empresa
- 1.4. Notas sobre o sector.

2. O proceso de produción e/ou prestación do servizo

- 2.1. Definición das características do produto y/o servizo que vai ser obxecto da actividade da empresa
- 2.2. O produto e/ou servizo
- 2.3. Determinación do proceso de produción e/ou prestación do servizo
- 2.4. Subcontratacións

- 2.5. Procedementos e controis de calidade nos procesos. Garantías para o cliente. Servizo técnico e posventa.
- 2.6. Niveis de tecnoloxía aplicados nos procesos
- 2.7. Aprovisionamentos
- 2.8. Produtos substitutivos
- 2.9. A innovación no noso servizo

3. O mercado

- 3.1. Clientes
- 3.2. Prescriptores
- 3.3. Competencia
- 3.4. Participación prevista no mercado: cota de mercado
- 3.5. A comercialización do produto e/ou servizo

4. Recursos humanos

- 4.1. Organización de recursos e medios técnicos e humanos.
- 4.2. Relación de postos de traballo que se van a crear
- 4.3. Perfil das persoas que se van a contratar: coñecementos, experiencia,...
- 4.4. Distribución por categorías e asignación de responsabilidades por posto de traballo creado
- 4.5. Organigrama. Estrutura de dirección e xestión.
- 4.6. Selección de persoal.
- 4.7. Formas de contratación. Convenio colectivo de traballo.
- 4.8. Creación neta de emprego indefinido e temporal durante os cinco primeiros anos.

5. A localización da empresa

- 5.1. Asentamento previsto e criterios para a súa elección
- 5.2. Terreos, edificios, instalacións
- 5.3. Comunicacóns e infraestruturas do asentamento

6. Plan económico-financeiro

7. Inversión e fondo de manobra do proxecto

- 7.1. Inversión e fondo de manobra do proxecto
- 7.2. Relación detallada das inversións (fixos e circulante)
- 7.3. Financiación global do proxecto. Información sobre a financiación allea.
- 7.4. Ingresos por áreas de negocio. Previsión de vendas anuais
- 7.5. Avaliación dos custes variables.
- 7.6. Avaliación dos custes fixos.
- 7.7. Determinación dos custes unitarios por produto e/ou servizo
- 7.8. Contas de resultados provisionais
- 7.9. Balances de situación provisionais
- 7.10. Previsións de tesourería
- 7.11. Rendibilidade do proxecto
- 7.12. Axudas públicas para a implantación do proxecto

8. Os aspectos formais do proxecto

- 8.1. Forma xurídica elixida para o proxecto
- 8.2. Medidas de seguridade e hixiene (prevención de riscos laborais)
- 8.3. Protección xurídica

- 8.4. Patentes, marcas e licenzas
- 8.5. Autorizacións, permisos, etc

9. Planificación temporal da posta en marcha

ANEXO V – PLAN DE XESTIÓN

- 1. Denominación do proxecto e descrición do promotor**
- 2. Localización física do entorno no que se ubica a actuación**
- 3. Diagnose de partida que xustifique a necesidade de intervención**
- 4. Obxectivo xeral**
- 5. Obxectivos específicos con arranxo ao establecido no Plan Estratéxico Zonal (contribución ao PEZ)**
- 6. Descrición da intervención e definición das principais características técnicas**
- 7. Proxecto técnico e Plan de execución**
 - 7.1. Dispoñibilidade de terreos ou inmobles
 - 7.2. Estudos e proxectos técnicos de viabilidade
 - 7.3. Plan de equipamentos
 - 7.4. Outras inversións materiais
 - 7.5. Plan de Recursos Humanos
 - 7.6. Análise de Impacto Medio Ambiental
- 8. Impacto sobre o territorio e sobre o emprego**
- 9. Aproveitamento de recursos endóxeos**
- 10. Innovación do proxecto**
- 11. Sostibilidade do proxecto máis aló do período de execución do mesmo**
- 12. Capacidade de transferencia a outros territorios**
- 13. Enfoque de igualdade de oportunidades**
- 14. Participación social e implicación do tecido social no proxecto**
- 15. Plan Económico Financeiro**
 - 15.1. Orzamento detallado por partidas de gasto
 - 15.2. Cronograma de execución do proxecto
 - 15.3. Compromiso de cofinanciamento
- 16. Plan de Información e Difusión**
- 17. Outra documentación anexa**

Disposición derradeira Única. Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2009.
Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar